

TEMA 7: A NOVA NARRATIVA GALEGA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS.

1. INTRODUCCIÓN.

Nos primeiros anos 50 do século XX prodúcese unha importante renovación na nosa narrativa debido á incorporación dun grupo de escritores moi novos que pretenden superar os modelos existentes ata ese momento e introducir novos temas e técnicas propios dos mais innovadores autores e correntes literarias.

O conxunto de obras datadas entre 1954 (publicación de ***Nasce unha arbre***, de Gonzalo R. Mourullo) e 1971 (publicación de ***Adiós María***, de Xohana Torres) pertencentes a esta xeración de escritores conforman o que se coñece como **Nova Narrativa Galega**.

Os autores que a compoñen participan dalgúns características comúns (orixe pequena burguesía, formación universitaria) e propóñense uns mesmos obxectivos:

-Renovación da narrativa galega: tentan superar os modelos establecidos pola Xeración Nós e por individualidades como Cunqueiro ou Blanco Amor.

-Mantemento dunha actividade cultural e política galeguistas: participan en actividades culturais comúns (recuperación da celebración das Festas Minervais, por exemplo), difunden o seu pensamento de carácter existencialista e marxista, e participan activamente na aparición do nacionalismo galego de esquerdas (PSG, UPG).

-Total compromiso coa lingua galega: manteñen unha práctica monolingüe en galego.

2. CARACTERÍSTICAS.

A nota definitoria deste grupo é o seu afán renovador tanto desde o punto de vista temático coma formal, fuxindo dos modelos galegos anteriores. Guiados polos grandes renovadores europeos (Joyce, Kafka, Camus...) e americanos (W. Faulkner, Dos Passos, Borges...) da novela do século XX, presentan unha serie de características literarias comúns:

-Temática existencialista: centrada na angustia existencial e no absurdo da existencia, que busca producir desacougo no lector. Tamén hai presenza reiterada da violencia, liberalidade con respecto ao tema sexual ou unha fusión dos mundos reais e fantásticos a través dunha temática variada.

-Emprego de distintas técnicas narrativas que favorecen o distanciamento do narrador e a aproximación ao personaxe: o monólogo interior, o obxectalismo (os obxectos adquiren gran relevancia), técnica cinematográfica, técnica epistolar...

Desaparece o narrador omnisciente da novela tradicional en beneficio do narrador en primeira persoa ou do multiperspectivismo.

-Os personaxes adoitan comportarse como antiheroes. Son protagonistas colectivos ou individuos anónimos sen identidade, rexidos polas forzas hostís dun mundo socioeconómico que os manexan e os marxinan.

-Os espazos son fundamentalmente urbanos. Galiza e o mundo rural deixan de ser o espazo preferente. O marco urbano terá límites imprecisos e aparecerá como ameazante, claustrofóbico e deshumanizado.

-No tempo desaparece a sucesión lóxica dos acontecementos. Os saltos temporais e a intemporalidade reproducen a existencia caótica dos personaxes.

-O estilo é simple, con oracións curtas, unha marcada tendencia ao coloquialismo e unha fuxida deliberada da retórica.

3. AUTORES E OBRAS.

A maioría destes narradores comezarán escribindo obras da escola, se ben, nalgún momento, afastáranse desta corrente para explorar novos camiños.

3.1. Gonzalo Rodríguez Mourullo. (Teo, 1935)

A súa obra literaria consta de dous volumes ***Nasce un arbre*** (1954) e ***Memorias de Tains*** (1956). O ambiente de irrealidade, a pluralidade de voces narrativas, a irrupción do fantástico na realidade cotiá... fan que a primeira delas se considere a que dá inicio á NNG.

3.2. Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938).

É unha das grandes voces da narrativa galega contemporánea, ademais de posuír unha importante obra poética. As súas tres primeiras obras (***Percival e outras historias***, ***O crepúsculo e as formigas*** e ***Arrabaldo do norte***) encádranse claramente dentro das características da NNG: personaxes problemáticos (violentos, incomunicados, con diversas patoloxías...), espazos urbanos, estilo menos elaborado... A partir de ***Retorno a Tagen Ata***, o experimentalismo vaise reducindo, ao tempo que a realidade social e política galega vai cobrando máis peso.

A súa obra caracterízase por unha constante relación entre realidade e fantasía. Realiza unha reconstrución e interpretación dun pasado mítico que remite á cultura celta ou á materia artúrica. Abundan na súa narrativa os topónimos e antropónimos de aparencia céltica, oriental ou nórdica: Ulm, Nmógadah, Hannak Oberzen, Grieih... En liña con esta característica, pódese salientar tamén a creación de espazos literarios propios cargados de simbolismo: Tagen Ata, Terra Ancha, Grande Fraga.

3.3. Camilo González Suárez-Llanos (Camilo Gonsar). (1931-2008)

Logo dun primeiro libro de relatos (**Lonxe de nós e dentro**, 1961), publica algunhas das novelas máis representativas do grupo, nas que emprega técnica obxectalista, temática sobre a violencia e o absurdo humano, ambientacións afastadas da realidade galega (Madrid, Nova York)... Despois de **Cara a Times Square** (1980), considerada o remate da NNG, publicará aínda varias novelas, xa afastadas dos presupostos estéticos deste movemento.

3.4. María Xosé Queizán (1939).

Pioneira do movemento feminista galego, estréase con **A orella no buraco** (1965), novela que baixo as técnicas do Nouveau Roman francés, recrea o deambular dun vagabundo nunha cidade europea.

3.5. Xoana Torres (1931)

Esta autora tamén escribiu poesía e teatro. A súa contribución á NNG é a través da súa novela de iniciación **Adiós, María** (1972), nela está presente o emprego do monólogo interior e abundantes saltos temporais e anacronías. Nunha lingua coloquial e áxil, María, unha rapaza proletaria, expón a complexa realidade social da Galiza do posfranquismo.

3.6. Carlos Casares. (1941-2002).

Ademais da súa importantísima obra narrativa, con interesantes achegas á literatura infantil, como *A galiña azul* e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, dedicouse á política, ao xornalismo e ao ensaio literario.

A súa narrativa pode dividirse en dúas etapas ben delimitadas. A primeira manifesta unha grande renovación formal, ligada á nova estética da NNG. Abrangue **Vento ferido** (1967), **Cambio en tres** (1969) e **Xoguetes pra un tempo prohibido** (1975). Mostra unha realidade desacougante e opresiva e emprega o monólogo interior, o obxectalismo e a narración en 2ª persoa.

Na etapa de madurez, a partir d' **Os escuros soños de Clío**, escribe novelas máis realistas, centradas en sucesos ou situacións históricas de distintos períodos do século XX, sen renunciar totalmente ao elemento fantástico. Algunhas das súas novelas máis importantes desta etapa son **Ilustrísima** e **Os mortos daquel verán**.

Algunhas características comúns a toda a súa obra son a presenza de elementos autobiográficos, os ambientes predominantemente urbanos, a constante aparición do Mal, orixinado pola mentira, a calumnia, o engano... como motor dos conflitos sociais e o gusto polo humor, a ironía e a parodia.